

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

Redacción e Administración: REGO D' AUGA, 38, 1.º

Número 42

A CRUÑA 10 DE XANEIRO DE 1918

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, id. 2 »

Pagos adelantados

O ENTERRO DE SIR JOHN MOORE

(16 DO MES DE XANEIRO DO ANO 1809)

INDA que non sexa mais que unha pequena folla, hemos de adicar hoxe algo que se relaciona co a nosa historia local, irmanándose, endebén, co esa labor de sana renovación política e de palinxenesia de ideas pol-as que van vindo salayando as mais significadas rexións españolas, labor que A NOSA TERRA ispidida de toda clas de concupiscencias, mais levada d'un sentimento de verdadeiro altruismo, ven sostenendo con arrumbada fe e sin esmorecimentos, por moito que se empeñen en negalo un fato de espíritus desleigados ou cobizosos.


N-esa historia, nai de grandes ensinanzas, inspíranse as nosas ideas e as nosas doutrinas. Ela, coma mestra soberana, nos informa qu'en todol-os tempos e en total-as edades nas que á familia human foise movendo e desenrolando, houbo vítimas e verdugos; mártires e tiráns; héroes e cobardes, fidalguía e ruindade; ledicias e tristuras.

Se as xeneracións que se foron sucedendo á medida que os séculos á éito íbanse renovando, prestaran atención piadosa á os preceptos saudables que a historia aconsella, recollendo e manténdose da ética das costumes e feitos pretéritos, fuxindo dos pezoñentos que magoaban seu espírito incrinándose pol-o rego da maldade, seguramente que HUMANIDAD atoparíase hoxe n-un estado de educación mais perfecta, d'un bienestar social mais armónico, compretándose d'este xeito ese grado de civilización pol-o que ven trafegando, dendes que na terra fixo a sua aparición, inda qué xa nacera c'o embrema do pecado...

O movemento rexionalista que hoxe se vai introducindo no corazón das rexións, no é novo na nosa Galicia: corresponde a un movemento social, que xermolado n-outras épocas e en séculos diferentes con verdadeira barudez. reproducése agora vizosa-

mente co as mesmas formas e as mesmas fases, non sendo mais que a encarnación das doutrinas nos feitos.

Repásense as follas da nosa historia, tan abundante en gloriosos sucesos—porque sin que estremémol-a hipérbole, poida que non concurra pobo no praneta que conte c'unha historia mais gloriosa—e se verá e poiderá apreciarse o que nos espoñemos,



TUMBA DE SIR JOHN MOORE
(Xardin de San Carlos)

dendes que as civilizacións primitivas deixaron os seus sucos profundos estampados nas laxes ou penas das costas bravías; mais tarde, as que lles seguiron, nos pulgameos, manuscritos e códices; e logo nos caracteres que a invención da empremta veu á nos traer.

Relembremos, pois, de cote a historia por sere o alimento intelectual mais nutritivo para se poder manter o espírito human.

* * *

Modelo de homes honorables e valentes, foi o xeneralísimo do Exército británico Sir John Moore, cualidades adquiridas por lei de herencia; atendendo á que o autor dos seus dias fora tamén home de sobresaite entendimento, e de grande notoriedade coma educador; e o seu abô, xeómetra de

moitísima sosa, profesor da Universidade de Glasgow, de renome universal.

Cando caiu mortalmente ferido no campo de batalla,—do que foi teatro o ruego de Elviña,—seu rostro permaneceu sereo, sin que o minor laido salira dos seus labres.

Seus ollos abertos coma querendo fendellos nos corazóns dos seus camaradas que o arrodaban, parecían decir que o seu estado anormal, nada soponía ante o deber de continuar loitando, hastra conseguirla victoria que se desexaba e que se imponía.

Ao traguere pol-o camiño dendes de Elviña, cara a nosa vila sobre d'unha manta, sostida por oito *highlanders*, c'o fin de non lle causare a mais pequena molestia, o caudillo viña parolando co seu amigo Coronel Anderson, facendo mentras da situación da batalla, ao par que do seu lastimeiro estado que a profunda ferida habíalle ocasionado:

—Anderson, non me deixes... Sabes ti ben que eu sempre quixen morrer d'este xeito. Espero que o pobo inglés, quedará satis-

feito da miña conduto; e que os meus compatriotas haberán de me facer xusticia... Para min é unha grande satisfacción o saber que foron batido os franceses...

Estas verbes derradeiras do héroe, compretaban un alma de bon patriota e de bon soldado.

O xeneralísimo Moore, foi ferido mortalmente, según indicamos, o 16 do mes de Xaneiro de 1809 no lugar de Elviña, freiguesía do mesmo nome (San Vicente), preto da nosa vila da Cruña, mandando as suas tropas contra das francesas que acaudillaba o mariscal Soult.

Erguido do campo e traguido á nosa cibdade, foi morrere poucas horas despois, na casa do Cantón Grande que d'aquela tiña o n.º 16 e hoxe o 13,—propiedade da



SIR JOHN MOORE
Xeneralísimo do Exército inglés

familia do finado Coronel de Artillería don Euxenio Vidal Alonso — sendo soterrado caladamente ás doce da noite, non entón derrubado *Baluarto de San Carlos*, nomeado mais tarde *Xardín Botánico*, e coñecido agora por *Xardín de San Carlos*.

A elxía que directamente do inglés vertemos ao noso idioma rexional, nos dá unha escritora británica— Mis Annette M. B. Meakin— que non pertence á M. Wolfe, como algúns se lla atribuíron, (atendendo á que éste foi un crego que endexamais saíra de Inglaterra), se non ao sargento Paul Swanston, que figuraba no exército de

Moore, sendo testigo presencial do enterramento d' éste.

Os seus funeraes os describe desta maneira

Nas mentres seu cadávre axiña levabamos ao forte parapeito en que ímol-o á enterrar, nin descargas se oubían, nin o tambor soaba, nin siquera sentíase o canto funeral.

Co as nosas bayonetas, o molime apartando, á debile craridade de anubrado luar, soterrámol-o á escuras, no mais pecho da noite... n-aquela noite triste de fero vendaval.

Nin saba, nin mortalla seu corpo foi cobrire, nin sinxelo ataúde houbo para o enterrar; a terra solasmentes de verdexante herba, foi homildosa campa do héroe inmortal.

Poucos, moi poucos foron os pregos que rezamos que fondo sentimento privábanos falar; co a nosa vista fixa no rostro do guerreiro amargos pensamentos atormentarnos van.

Coidamos se ao deixalo n-aquel alléo leito, cando nos sobre as ondas iríamos queizás, que a súa campa rústica, pol-o inimigo ousado ou por estranas xentes poideran profanar.

Siguramente qu' eles, sobre das frías cinzas, do espírito que foise, presto marmurán: ¡Non importa! se o deixan dormir prácidamente na tumba onde un britano foino á depositar.


Cuáseque a labor feita—inda non rematada— o relós nos avisa con verdadeiro afán, que o inimigo se acerca c'o cañón fogueando, e que a hora é chegada de írnos á retirar

Agarimosamente pousámolo na cova: no campo dos seus feitos, qu' ensanguentado está non se puxo unha letra, nin lápida gravouse... soilo... co a súa gloria... alí foise á quedar!..



MARISCAL SOULT
Xeneralísimo do Exército francés

O moimento que se ergeu á memoria d' este valente, compoñíase nos seus comen-



Vista xeneral de San Vicente de Elviña

zos d' un soilo zócalo, c'oa súa lápida, e posteriormente se rematou na forma que hoxe ímol-o vere, e sigun nol-o amostra o gráfico que presentamos.

Todo o seu conxunto, co'a súa reixa que o arrodea, e sinxelo e místico, n-armonía co'as vicisitudes e o carácter do persoaxe que gírala e conmemora; mais co'a particularidade, que de cote o perfuma a rescendencia das frores, que envoltos nas auras gallegas, levan ás costas do Norte a lembranza perpetua do *Héroe de Elviña*.

O lector que queira enteiarse de todos estes particulares, pódese informar na obra *Britanos y Galos*, páxinas 109-141. Nota, da que é autore noso amigo e irmán Francisco Tettamanzy.

AS COUSAS COMA SON

O idioma, haneira. O noso rexionalismo, o único verdadeiro

MANOLIÑO Picorete—inda non convencido de que é un «cras pasiva» y un excalde de R. O. que anda xa camiño dos 60 anos—sintindo a morriña da pubricidade, escribiu un artigo «d'erudición a violeta» en *La Voz de Galicia* falando do noso idioma. Non sin escribire denantes a algú distritos ofercéndose coma candidato.

Di o que todos sabemos: que o galego e unha lingua de groriosa historia; unha lingua ademirabre que estivo preto d'abranquer a hexemonia mundial antano.

E logo de dicire todo isto concruye que o galego non debe falarse hoxe.

Imos por partes. Si o noso idioma servíu e serve pr'ás mais outas, sinxelas e tenras espresións literarias non pode sérenos inda útil pra faguer n'íl unha cultura que sin él perderase pra sempre sin proveito pra ningún?

Si o galego foi antano lingoaxe da aristocracia, da intelectualidade e do pobo, é hoxe—despois de V séculos de centralismo barbaro—sigue sendo instrumento d'espresión das cinco sextas partes do noso pobo—da Galicia traballadora, da verdadeira Galicia percisamente—e mais dos poetas que queiran dicire algo enxebre, intimo, reflexo

do sentimento d' unha raza, como pódese pidire que desapareza sin querer conscente ou inconscientemente o suicidio da nosa patria?

Si o galego é un idioma vivo, dono d' unha grande extensión xeográfica, pai do portugués e pol-o mesmo internacional, resellador c' o seu cuño de mais de trinta millóns d'almas, moitas d'elas enraigadas en pobos novos, de fecundo porvire, como ningún que pense «europeamente» nos groriosos destinos da nosa raza pode pidire que ceguemos isa forte arma de conqurimento, pra trocar en monolingue unha espiritual riqueza bilingüe?

Esquenzamos o galego, matemos o galego e veredes—¡probes d'esprito!—como ó longo dos tempos isa xerga galaico-ca-telán hoxe posta en moda pra que os pobos alleos

poidan d'catárense palidamente da nosa y-alma co leitiva—lembrádevos das prosas de Valle Inclán, Flórez, Lugin, Valcarce, Solá, Rey Soto, etc.—acabara por creare un dialeuto castelán, no que farase turbo o noso pensamento con perxuício pra o idioma de Castela. Destonces ficaremos non falando nin galego nin castelán. Como resulta indubable—porque é lei natural—que os pobos hispano-americanos pouco a pouco, paseniñamente, van evolucionando dentro de moldes neo-casteláns, pra facer por imposición do menor esforzo, unha chea de dialeutos do idioma de Castela.

Afondando no dito, cando amóstrenos que temos outro medio, que non sexa o do idioma, de facer a concencia co leitiva do noso pobo, opinaremos coma Picorete e os picoreteiros. Namentres, o idioma encol de todo.

O idioma, que no insino ten unha grande misión pedagóxica que cumprir. ¿Podese siguire tolerando o crime de que a quen non sabe castelán d'fáselle o insino no castelán? ¿Pódese siguire tolerando que a derradeira vountade d'aquiles que non acertan a eis-presárense no castelán, sofra a mutilación do pensamento que a dicta? ¿Pódese seguire tolerando que un xuez que non coñece o galego tómelles decraración a galegos? ¿Pódese siguire tolerando que se lles esprique en castelán unha relixión a quenes o non saben aquel idioma?

Deus e a Natureza non fan nada en vano. E déronnos en herdo unha fala; unha fala contra da que non se pode ire, sin cometer pecado d'onanismo espiritual que mata o espírito como mata o corpo o corporal. O froito esgrevio da persoalidade d'un pobo é o seu idioma. Si morre o idioma, é que s'arrenegóu da propia civilización e da propia historia, e destonces quedará un territorio no que os apetitos alleos farán fautorías de riqueza material, transitoria, pro non un chan vivo onde latexen n'unha santa e noble satisfacción interiore, os ideaes co leitivos d'un pobo creador de cultura indixena, enxebre, capaces d'arelar o cumprimento de destinos históricos.

Tod'o noso mañán, está no noso idioma. Tod'o noso traballo colonizado furáse propio, só no recobramento integral do idioma. A autonomía do noso espírito únicamente se fai na nosa fala. E outra crás d'autonomías, son coma corpos sin alma, cousas mortas, engayola parvos. É pobo escravo, indino da libertade o que tendo lingua de seu, avergónhase de falala e prifire unha estrana.

Mozos galegos: o problema sustancial de Galicia, o de sere ou non sere, estavos n'isto.

Os que vaian contra do emprego do ga-

lego, conscente ou inconscentemente, por rutina ou laberquería, son os maores enemigos nosos; os maores enemigos de Galicia. Son os que queren tomar coma plataforma a Galicia, pra rubire fora de Galicia. Son os antidemócratas que non queren baixar á entrana do pobo—o que se consigue pol-o camiño do idioma—senon apoiarse no pobo pra que os ollen na Meseta. Son os que ollan a Galicia com'unha montaña da que somente intrésalles o cume, non o que a montaña leve dentro.

O galego, dicimos hoxe como sempre, é a peneira pra soparar a palla do grau, a escoria do ouro de lei. Galeguista, rexionalista sin querer o galego, despreciando o galego—si grorioso denantes grorioso agora, e non valen sofismas—é como finxirse namorado quen sinte falla de corazón.

¿Qué nos importa—siñores besadistas d'*El Noroeste*—que haxa moitos caciques que empreguen a nosa fala? Cando a nosa fala faga unha cultura galega—e *galega* ten que sere a cultura que redima ós nosos labregos, a cultura que ridima ás cinco sextas partes do noso pobo—destonces o idioma galego, c'o seu xeito cidadán, xermolador de riqueza con alma, de riqueza patriótica, esnaquizara ós caciques, xustificadores de que non hai pior cuña que a da mesma madeira. Destonces o idioma galego donarános a coroa do trunfo: a escintilante coroa do Goberno propio, que non tolera no chan galego imposicións de castas alleas.

*
*
*

Vimos a polémica que nas columnas d'*El Noroeste* da Cruña tivo noso querido irmán Antonio Valcarcel, c'unha pruma besadista d'aquel xornal. Pareceunos unha polémica das que non s'estilan por acó: unha polémica «tripatalós», na que sempre leva ventaxa o da casa.

Valcárcel mantíña a boa doutrina: a de que non pode chamarse rexionalista, nin cidadanista ningún dos políticos do turno de «vaso e grifo.»

E isto é mais cristiáño que a y-auga d'un rego. Cando hai que falar moito pra defendere unha cousa sinxela, como fixo *El Noroeste*, malo.

Ollade en dous verbes os termos do problema.

~~~~~

Na administración d'A NOSA TERRA temos á venda o libro de poesías DA TERRA ASOBALLADA de Ramón Cabanillas.

Prezo 1'50 pesetas.

~~~~~

¿Podemos creere que amen a terra os que gobernaron moitos anos sin preocupárense endexamais dos problemas vitás de conxunto da rexión galega e non fixeron outra cousa que «amarrar» os seus feudos, magoando a xusticia distributiva co'a caulización do favore pr'ós amigos?

Galicia contribue ós ingresos do Estado c'un continxente maor que ningunha outra terra d'España. ¿Recibe do Estado os beneficios que en porporción recibiron as mais rexións periféricas? ¿Non é a mais probe en ferrocarris? ¿Non é das mais probes en escolas?

Galicia ¿tivo algún diputado independente, mandatario do pobo? ¿Pódenno sere ainda agora os pasantes e amigos de Besada, García Prieto, Bugallal, Gasset, etc?

¿Non se veu craro cando quedóu inédito o voto particular do ferrocarril da costa? ¿Non se veu craro cand'o bloque bufo de parlamentarios galegos?

¿Qué diputados patriotas son ises que lle donan unha cónverteira á Universidade compostelán, pro non as Facultades de Filosofía e Letras e Cencias e a cátedra de lingua e literatura galaico-portuguesa? ¿Qué diputados patriotas os que nos fan tributarios de Castela no estudo do peritaxe agrícola, e en troques, roubándollos a outros pobos mariñáns, danlle obras de porto a Pontevedra e muelle inútil a Cambados, só pra soste cacicazgos?

¿Qué diputados liberás, modernos, oses, coma todol-os do turno de «grifo e vaso», que non traballaron nada en moitos anos de disfroite do Poder pra redimir ó pobo e que inda agora pretendeu siguire levando as actas pol-os mesmos procedimentos de conquerimento dos tinglados oligárquicos?

¿Non son ausolutamente difrentes os candidatos rexionalistas que axiña vai elixir o pobo?

Istes candidatos se trunfan—e trunfarán—¿non son os únicos que non teñen mais compromiso que o de servire os intreses galegos? ¿Non serán os primeiros deputados galegos «sin amo» que asomellaranse ós catalás? ¿Sexan poucos ou moitos, non terán unha forza dobre: a sua da independencia, a que l'empresten as minorías rexionalistas d'outros pobos?

E estes deputados que darán conta ó pobo dos seus actos no Parlamento ¿non farán unha verdadeira revolución cidadana e de progreso económico en Galicia?

Conteste *El Noroeste* a istas preguntas, e logo díganos si Besada e os besadistas estreveríanse a iren a unha loita eleutoral, si as bárbaras organizacións caciquís non eisis-tisen. ¿Si inda con elas teñen medo!

Galegos dinos: chegóu o momento de que pensedes ben n'istas cousas de fonda trascendencia.

O FRESCO DO BESADISMO

Leonardo Rodríguez foi por lan...

LEONARDO Rodríguez e o tipo cravado do arrivista noxento. Leonardo Rodríguez que nacéu en Cataluña e non é catalán, que vive políticamente a costa de Galicia sin sere galego, no comenzo das «Irmandades da Fala» dixo que simpatizaba con elas. Logo, andivo volvoreteando c'os catalás.

Foi direutor xeneral de Comercio e fracasóu de xeito ridoso. Dixéronse destoncos tristes cousas d'él que non queremos recoller.

Leonardo Rodríguez houbo un momento que dubidóu si viría ou non c'os rexionalistas galegos. Non debéu vere craro. Senón, deixaría a Besada coma dúas e dúas son catro.

Agora olla en perigo a súa acta de diputada por Chantada e da volta do redor da noria da circunscrición de Lugo, verdadeira granxa de semente de cunheiros.

Por iso falou en Villalba, pobo culto, enxebre e galeguista onde a dinidade cidadana, latexante n'un bô fato d'amigos nosos, dóulle a resposta xusta.

O exemplo espállase. O besadismo e o enemigo de Galicia. E Besada foi asubiado en Compostela, Wais tivo que sair botando muxicas da Cruña e agora Leonardo puido decatarse en Villalba de que xa vai habendo moitos galegos que non comulgan con rodas de muiño.

¡Leonardo, o excanalexista, o cotradutor da obra atea de Guyau «Ensaio d'unha moral sin sancións nin obrigacións» e d'outros libros mais anticatólicos, perdicando o rexionalismo católico no víspera das eleccións!

¡Leonardo, o arrivista de fuciño longo, perdicando cidadanía e o desbotamento do caciquismo, indo collido do brazo d'un petit cacique fillo do gran cacique alcalde de Villalba que leva nada menos que vintetantos anos no cárrago ó servizo de todol-os Senismundos!

¡Farsantel! ¡E estrévese a chamarnos a nós senegaleses e ós catalás da policía indíxena?

Si senegalés significa home de valor, home enteiro, os rexionalistas galegos somos senegaleses. E queda recollida a palabra. Val mais sere senegalés que eunuco. E val mais tamén sere da policía indíxena que do corpo de merodeadores.

Contra dos merodeadores a policía. Contra dos caciques sin vergoña que asoballan a terra, o fungueiro. Os senegaleses contra das femias con calzós.

O besadismo e un dos maores enemigos de Galicia. O besadismo da as boqueadas,

O besadismo na xuntanza do datismo e o bugallalismo foi o causante da revolta d'Agosto. Pol-o besadismo, cimento da mais noxenta caciquería, sofren no cárcere moitos homes enteiros.

Por iso dixo ben o boletín católico *El Ideal Gallego* da Cruña: «Leonardo Rodríguez propúxose erguer antigos entusiasmos, esmorecentes na circunscrición luguesa e elixéu coma teatro un pobo canso d'un longo e noxento caciquismo. Percisamente a aquel partido pertence o municipio de Begonte, onde o alcalde leva 25 anos no cárrago, sin que n'ise tempo a aución dos deputados s'ollara en ningures. Ten cinco pontes sobr'os ríos Miño, Tamega e Parga, e os cinco están caídos; conta con 20 parroquias e só ten dúas escolas de nenos é unha de nenas; non dispón de mais servizo de correios que dúas carteirías, nin d'outros camiños que restos de vías antigas. ¿Como han de creere os vilalbeses no rexionalismo dos Besada, Prado Palacio, Quiroga e tantos outros deputados por Lugo que consintiron e ampararon tan vergoñoso esquecemento?»

O valente e culto xornal de Lugo La Voz de la Verdad—que recomendamos a todol-os nosos amigos d'aquela provincia que sexan inimigos de toda crás de caciquismos—n'un notabre artigo do brillante escritor Cora e Lira onde esnaquizábase punto por punto cantas absurdas afirmacións fixo Leonardo Rodríguez na «conferencia-sorpresa» que dou en Villalba, diciase:

«Si o rexionalismo de Besada non é mais que unha descentralización administrativa; ¿pra qué falar de relixión nin facer xogos de confesionalidade a costa de cousa tan sagrada?»

Ista pregunta pon ó descuberto tod'a farsa besadista, que é un sinxelo engado eleitoral.

Pol-a súa parte o querido colega Ecos del Eume publicou un artigo admirabile onde dásele unha cumprida e axeitada resposta a El Noroeste da Cruña.

Eisí s'arrincan caretas.

Ecos del Eume como dixemos nós dend'os comenzos da nosa actuación—óllese o discurso pronunciado no Ferrol pol-o irmán Villar Ponte—manifesta que e de menos en Galicia son as vilas: e que os primeiros problemas galegos son problemas agro-pecuarios.

É o «cunearismo» de dentro da casa, que non concece nin cúidase dos problemas galegos; que tolerou, sin protesta, com'o Estado e as provincias viñeron subvencionando durante anos e anos concursos de gandos pra descastare nosa típica raza bovina; que calaron no Congreso cando ó pedíre un d'eles a libre introdución do centeo, erguéuse un diputado castelán, e díxolles que folgaba a petición, pois na súa rexión iba a fanega a metade mais barata que en Galicia, e non souberon reprecillarle, porque ñoraban que as medidas d'acó e d'aló non son equivalentes.»

E no nome d'ise cunearismo atrévese a falare Leonardo Rodríguez, dicindo parvadas como a de que «eles son rexionalistas católicos porque acetan a relixión do Estado». ¿E pode habere ningún partido constitucional que non acete iso?

¿Rexionalistas do víspera das eleccións; rexionalistas da derradeira hora, que veñen a chamárense eisí logo de levar 20 anos gobernando ou á veira dos gobernantes! ¿Que escomenzan a pensare que hai problemas galegos, forzados pol-os galeguistas! Pol-os galeguistas que só estrévese a darlle a batalla ó caciquismo, cando—logo de dous anos de traballo—o caciquismo, por primeira vez na vida, gracias «á policía indíxena» estará fallo do apoio oficial.

E o besadismo farsante, caciquil, noxento ¿non s'oponía con todol-os seus folgos?—¿non lefchedes *La Epoca* e outros xornas conservadores?—a que se dera o decreto de disolución de Cortes?

¿Quen lles pode, pois facer caso nin dare creto? Somentemente os imbéciles e escravos, os labercos sin vergoña, os parvos e os caciques e criados dos caciques.

Leonardo Rodríguez: xa verás com'os senegaleses, prácticos nas artes da guerra, tiran ó bulto. E sairán triunfantes, arrincando caretas.

O NOSO INSINO TECNICO

UNHA d'as características da vida moderna e ó grande desarrollo da técnica, tanto que temos n'il unha sinal segura do progreso d'un pobo. E de lamentar a situación na que dita esfera da actividade nazonal se hacha no noso país. O primeiro a facer para têr técnicos e simplemente crear o insino técnico. Asin se fixo en países n'este respecto mais afortunados, onde as escolas para elo, pódese dicir son cousa corrente. Debemos pois cobizar que entre nos, seja tamén asin. Lembrémonos que isto é unha necesidade real e positiva e que ou adiantamos o que se precisa na técnica ou morrерemos.

Hay entón que organizar «noso insino

técnico». Mas, n'isto non nos esqueza o principio que ten de sere guía en toda organización. Non emprincipiemos facendo grandes plans ou plans esquemáticos que a nada responden e que por consiguiente non jurden. Ó contrario. encomezemos por chegarnos á terra, ás costumes, ás necesidades do momento e elaboremos despois sobre todo isto o noso *verdadero insino técnico*. É deber noso, dar comenzo canto antes se poida a dito traballo para encher o valeiro n'a nosa vida do que antes falei.

Sin embargo nos non imos a crear algo novo de todo senón a fundar en Galicia o que n'outras partes ja nacéu. Sí é certo que antes que nada temos de ollar para o terreo e tamén certo que unha idea de conjunto existirá desde o primeiro instante no noso espírito e que esta idea nos guiará na nosa obra. O que nós precisamos propôrnos é a creazón d'un *tecnicum* en Galicia. O *tecnicum* comprenderá: A) Insino elemental técnico que conseguírse en pouco tempo e que permitirá formar rápidamente técnicos agrícolas, industriaes, etc. B) Insino superior técnico. N'este comprenderá as profesións de: a) arquitecto, b) diversas clases inxenheiros (agrónomos, de camiños, químicos e outros), tendo sempre en conta n'a organización d'os estudos as necesidades reais do país no momento actual.

Cuestión delicadísima e a do profesorado pois precisamos mestres totalmente *modernos*. Creio non debe pensarse n'un corpo de profesores *vitalicios*, si asin podémonos expresar. Sería moito mais preferible têr profesores por cada catro anos podéndose renovar o seu contrato si as cousas van ben durante este tempo. O sistema que propoño é usado n'os Estados Unidos da América con éxito. Como o lector verá merece a pena de intentalo no noso país.

JOHAN VIQUEIRA.

TAMEN CASTELA

Socialista que sinte o nazonalismo

Intelixente e autorizado socialista Oscar Pérez Solís, dou no Ateneo de Valladolid unha notabre conferencia sobr'o tema: «Actitud de Castilla ante el nacionalismo.»

O Sr. Pérez Solís fixo unhas disquisicións, pimeiramente respeito á estenuación económica de Castela que tivo por causa as malas orientaciós seguidas fai xa unha ducia d'anos, o quedárese sin industria, adicada u unha agricultura primitiva.

Falando de pois dos remedios mais axeitados que poderían vigorizare Castela, ríñese ó nazonalismo e afirma que ista é a grande posibilidade ibérica.

Fai un estudo do nazonalismo catalá e di que tense de contradicire con toda ener-

zia a acusación de separatismo que botaron encol d'él alguns espíritos cativos e sospeitosos. O nazonalismo non quer dicire separatismo; é en troques, o mais castizo d'España.

Hai que renazonalizare Castela pra conquerir a puzanza e o esprendore que require. España está integrada de diversas nazonalidades que teñen de sere politicamente autónomas, en diversa graduación, conforme a concencia que cada unha d'elas teña da persoalidade colectiva de seu.

Castela e forza que abandone pra sempre a postura de pechada oposición na que se tiña colocada pra o nazonalismo catalá. Somentente d'iste xeito Castela poderá pôrse á outura dos pobos que disporán libremente de si mesmos entrando a formare na futura grande Iberia.

Iste é o pensamento do socialista castelán Pérez Solís.

N'hai lei divina
 nin lei humana
 que ordene a fame
 pra crase aldeana...
 Que coma e trunfa
 sin traballare
 o que non tivo
 mais que heredare...
 que axa rentistas
 que nada pagan
 mentras as terras
 todo o sufragan;
 qu'os ricos teñan
 cartos, honores,
 vida de rosas...
 vida d'amores...
 entanto os probes,
 esconsolados,
 morren de fame,
 vense emigrados...
 e vense sempre
 lares sombríos..
 fillos chorando...
 botes vacíos!
 ¡Ergue, labrego! ¡Erguete, e anda!
 ¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!
 ¡Erguete axiña!
 ¡N'oyes as queixas que da a terraña?
 ¡Ela e a que manda!
 ¡Pobre naiciña!
 ¡Erguete e anda!
 ¡Coma en Irlanda! ¡Coma en Irlanda!
 ALFREDO BRAÑAS.

Sr. Gobernador civil de Lugo: ¿E certo que tres veces atoparon dificultades n'ise Gobierno nosos amigos de Baralla pra que se lles aprobase o Regramento d'unha «Irmandade da Fala.»

Non'o creemos. Pro si fose certo, por riba das murallas da cidade do Sacramento, sin dúbida algunha, surxiría unha «aurora boreal»

Conque, as cousas craras. Morreron xa os tempos vergoñosos dos que mais val non lembrarse...

Novas da causa

Os xornás da Cruña, esceuto *El Noroeste*—vais por mal camino—publicaron o lús derradeiro o seguinte telegrama escrito en galego:

«Repersentantes unha ducia de sociedades labregas distrito axuntadas n'ista vila de Pontedeume con elementos importantes da industria do mar e prensa, acordaron persentar candidato rexionalista diputado a Cortes por Pontedeume a D. Rodrigo Sanz, apóstol n'ista honrada loita xeneral da nosa terra.»

Rodrigo Sanz dou unha conferencia de propaganda galeguista no barrio d'Esteiro no Ferrol.

Agora anda de propaganda por outros pobos galegos.

* * *

No campo de Villagarcía, fíxose un mitin ó que asistiron des mil labregos. Véñense facendo actos somellantes na Estrada, e outros pobos. En todos iles intervéu Lois Porteiro que axiña donará unha conferencia en Pontevedra.

En Ourense tamén veñen facendose mitis. Na «Irmandade da Fala» de Betanzos dou unha conferencia Leandro Pita Romero.

* * *

Os xornás afíns a nosa causa pol-o d'agora en Galicia, son: *La Voz de la Verdad*, de Lugo; *Progreso*, de Pontevedra; *La Región*, d'Ourense, *El Ideal Gallego* da Cruña.

Axiña vai sair un novo xornal nazonalista en Villagarcía, nomeado *Heraldo de Arosa*,

Chegóu o momento de partir os campos pra que non haxa trabucaciós nin andrómenas.

Dicimos isto pol-os xornás da Cruña Sabemos xa que *El Noroeste* é besadista. ¡Bô proveito lle faga!

Sabemos que agora *El Ideal Gallego* simpatiza con nosco. ¡Nunca é tarde! .. Pro *La Voz de Galicia* ¿que é o que defende? Os termos medios xa non engayolan a ninguén. A cobardía do digo e non digo, acurrunchada tras a descretaada *Tribuna libre* é pior, cen veces pior que a hostilidade franca e sincera. Conque a erguere a careta. Ollémonos todos faciada a faciana. E a loitar nobremente.

Porque seremos nobres c'os inimigos nobres; mai c'os innobres faremos o que conveña.

E ninguén esquenza que temos fe, civismo, xuventude, tenacidade e enteira. As armas que levan á vitoria, encol de todo.

DE MIN PRA VOS

O DERRADEIRO BEIXO

I

DE labres d'unha romántica e fermosa pasaxeira ouvín n-un dos viaxes que fixen á América, ista historia mística e tristeira, onde brila un amore sinxelo como grande, eistrano como puro.

Entr'o pasaxe qu'embarcara en Barcelona no vapor *Montserrat* que faguía o viaxe á América do Sur, contábanse os protagonistas d'ista historia. El, un rapaz xoven aínda, iba empregado pra unha casa bancaria da cibdá de Bós Aires. Ela, ô ano de ficare viuda d'un rico comerciante catalán, voltaba pra Bós Aires onde houbera nado. Era outa, morena, ben doada; pertencía á cras de mulleres que non teñen idade. Ao sumo tería corenta e cinco anos, non porqu'os repercentase, sinon porqu'os tería. Aparentaba trinta e cinco; a idade á que moitas mulleres chegan e n-ela parez que fican, até qu'as canas, as acusadoras canas, fanlles dar o pulo á vellez.

Véronse no salón de lectura a primeira noite de viaxe, e ô fitárense, ô trocal-as olladas, enxergueron qu'algo misterioso os xuntaba, e qu'algún poder segredo os fixera conezérense pra tod'á vida. O rapaz, que contaría unhos trinta anos, fora un eterno bulrón do verdadeiro amore; coidaba qu'o tal era fillo d'espiritos suxetos ô romantismo e non á realidade.

Aquela noite, ô sere fitado por aqueles ollos pretos, grandes e brillantes, sinteu un escalofrío no corpo e unha sensazón n'álma que endexamais sentira, e dubidóu. E volvéu á fitala, volvéu a ser fitado, e o sangue circulóulle con rapidez pol-as arterias, unha grata mornenza invadéu o seu corpo, e un novo sentimento, un ineispricabre sentimento xermolóu n-el. Non houbía lugare a dúbidas: amaba. ¿Quen era aquela muller que tal dominio exercía sobor él? ¿Que poder sobornatural tiña pra eisi faguel-o sintire sentimentos novos? Non dando creto ô que que por él pasaba, volvéu á fitala ô tempo que'era fitado como obedecendo os dous a un común acordo ou máxico conxuro, e amos sostiveron a ollada longo tempo, escudriñadora, interogante, até qu'él, vencido, dominado, pousóuna de novo na lectura, sin sabere por qué, tremóu; sin sabere por qué, sinteu arelas, de-sexos de chorare, qu'o mesmo fan sair as bágoas ôs ollos, a felicidade com'a de-gracia.

II

E de novo no salón de lectura, no comedor, na cuberta, ou cando se faguía música no piano, seus ollos buscábanse e falaban d'amores, co-ise mudo lingoaxe dos ollos tan mudo como eispresivo, no qu'hai verbes sin fala e aloumiños sin mans.

HOMES E HOMES

Eu quérome vere co-aqueles que loitan, e quebran cadeas, e borran fronteiras, qu'a voz d'os poetas y-os sabios escoitan, qu'afogos non teñen nin sinten canseiras. Mais non me faledes d'os probes d'esprito, xentiña bafúa de yalma d'esclavos, que di coma os mouros: «Estábache escrito», y-ô crucificala, inda bica os cravos,

Eu quérome vere co-a xente bravía que leva no peito da fé a fogueira, que n-unha costante feroz rebeldía, en contra os tiranos levanta bandeira. Mais non me xuntedes, porqu'inda son home, c o mozo femíneo que ffa na roca, que ten sangue d'auga e que, si non come, o pan non conquista c-o sacho ou co-a moca.

Eu quérome vere c-os que non sentiron o lume d'as bágoas n-as suas meixelas; que mentras n'acaban a loita qu'abriron, non soñan nin buscan o amor d'as doncelas. Mais nunca me deades pra meu compañeiro, á quen, vend'os tempos que xa s'aprousiman, en vez de patriota se fai mullereiro, e deixa qu'os outros á Patria rediman.

AVELINO RODRÍGUEZ ELÍAS.

En moitas ocasións estiveran un prêto d'outro e non se faloron. Cicais por falla de determinazón d'un d-eles, cicais por non crebal-o encanto, os dous.

Mais ô fin, unha noite, unha fermosa noite de luar, en qu'êla, sentada na cuberta n-unha cadeira de viaxe atopábase soia contemplando aquel grandioso coadro da natureza en qu'a lua ô reflexárase no mar, calmo, maino, sereo, faguía un longo camiño de prata dend'ô hourizonte até o barco, o rapaz, canso de levar choído no peito aquel ben, aquel mal, ô que non sabía darlle nome, ou ispirado pol-a quietude e fermosura da noite, afoutóuse a lle falar.

Chegóu onde á ela e descubríndose respetuosamente, e tremándolle algo a voz, díxolle:

—¡Señorita, señora?... ¿Permitídesme unhos verbes?

—Señora. Con moito gusto. Porte unha cadeira, e cúbrase —contestóulle amablemente.

Colléu él unha cadeira, sentóuse frente á ela, e comenzóu:

—Señora, non nos conecemos, endexamais nos falamos nin aínda siquer nos saudamos, i-eisi e todo sabemos ben un do outro.

—E certo. Parez cousa d'un sono.

—Sono que non é. Prêto estamos de terminál-o viaxe; nos quince días que levamos á bordo, nosas almas faláronse a cotío, ¿no é certo?

—Non faloron, comunicáronse, fixeron identificazón.

—Identificazón farto longa pra min, sin fiducia; comunicazón imposibre de seguire levando sin verbes, señora.

Ela calóu. Soio o fitaba fixamente sin pestanexare com'adoito.

—Non cale, non. D'abondo sufrín, d'abondo calei. Ao fitarme, ben sabe vosté o fogo que levo no peito; fogo qu'alcenderon isos ollos que falan o qu'a sua lingoala. ¿Me quer vosté com'eu a quero?

—Vosté aínda é xoven; eu vou vella.

—¡Vella!... O amor non fita edaes.

—Ademais, cicais o que vosté sinte por mín, como xoven qu'é, e posibre que sexa tan soio unha ilusión pasaxeira.

—Non, d'iso estóu ben seguro. Ilusións tiven moitas, e sei como se sinten. O qu'agora sinto, o qu'agora levo n'álma, o non sentín endexamais, e como endexamais ameí, isto é amore, si, isto é amore.

—Será porque me tén diante. Non véndome...

—O mesmo, con maor martirio. Eisi, aínda teño o consolo de qu'a vexo. Mais, non sexa mala. ¿Verdá que me quere?

—Son vella xa; repáreme ben.

—¿Qu'hei de reparar, cando é vosté com'ô sol, que canto mais se fita mais cega!

—Pois é unha tolería.

—Da que vosté ten-a culpa.

—Sexamos bós amigos; amigos que simpatizamos e que nos queremos moito.

—¡Moito, como amigos!

—Si, como amigos. ¡Si eu fora mais xoven!...

—Señora, ¡non me faga sufrir!

—Non quixera com'hai Deus. Eu, fálolle co-a alma na man, o quero, téñolle moita fé; pra o outro, non, o outro non pode sere, non, imposibre.

—Xa enxergo, Vosté trema porque si ô

depositare en mín seu cariño, o qu'eu sinto non é amore...

—Non, non é iso... Fágame caso; sexamos dous amigos que se queren moito. Llo rogo, llo suprico.

—Señora, iso non. Seus rogos son ordens pra mín, e suas súplicas mandatos, qu'eis como levei na alma quince días iste amor sin fiducia, terei forza de vountade pra leval-o tod'á vida. Mais si quere probar qu'o meu non é ilusión, póñame á proba en calquer tempo, e convenceráse.

—¡Quen sabe, quen sabe. ¡Deixade correl-o tempol...

—Farei o que mandades.

Erguéuse da cadeira, e co-unha surrixa mal disimulada nos labres, tendéulle a man qu'ela colléu co-a sua, e apertáronas amos fortemente.

—Señora,—dixoll'o rapaz fuxíndolle un salaio do peito—perdóeme por haber enxerguido mal suas olladas. Agradezo a amizade que me brinda, e aínda que con dôr o digo, seremos d'hoxe en diante... ¡bôs amigos!

—Mais agradezo eu que por tal me tendades.

—Por tal a terei, e... nada mais... ¡que

pase boa noitel... Deica mañán, señora,—musitóu mais que dixo ô deixala.

—¡Que Deus o acompañe!

E o rapaz, triste, abatido, co-un nô na gorxa qu'o afogaba, marchóu en direizón ô seu camarote.

III

Durant'os dous días que fallaban pra rendil-o viaxe, porcuróu o atopárese co-ela o menos posibre, e soio cando desembarcaron, déronse por segunda vez a man e os seus nomes co-a direizón do fogar.

De tempo en tempo, e isto moi raras veces, atopábanse na rúa, e ô pasar, saudábanse. Soio unha ocasión que xuntos viaxaban n-un tranvía, trocaron unhos verbes.

E fuxiron os días, os meses, e os anos, e o corazón do rapaz latexaba tan fortemente d'amore pol-a muller enigma, como cando falara co-ela a bordo do *Montserrat*. Non era unha ilusión, endemal, o qu'el sentía. Era amore; o pirmer e derradeiro amore. Levaba na sua alma con fondas raíces, unha d'isas pasións qu'henchén unha eisistencia. Pasión adormecida, mais non morta, qu'espertaba bruante, ameazadora, cruel, cada vez qu'a atopaba no seu camiño.

Os anos pasaron, e unha mañán d'Outono persentóuse á él unha vella qu'entergóulle unha carta. Rachóu o sobre, e asomado, lêu: «Si aínda me queres, si aínda os meus rogos son mandatos, rógoche en nome do amor que me xurache aquela noite, veñas axiña onde á mín no coche en que vai a portadora». Volveu á lér a lacónica misiva e perguntóulle impacente á vella:

—¿Está doente?

—¡Miña probe!—escramóu aquela.—¡E ben doente, endemall!

—Pois imos axiña.

Subéu ô coche co-a vella, e trais de pasar rúas e mais rúas da populosa cibdá bonaerense, ô fin detívose o carruaxe, baixaron, e seguindo á vella, entraron n'unha casa de luxosa aparencia. Como obedecendo á ordens dadas d'anteman, foino levando a vella ô través d'unha eispréndida sala na qu'houbía varias persoas, ás que saudóu reverenzosamente, e ô chegare á unha porta con colgaduras, indicóulle a vella qu'entra, i entróu.

RICARDO CARBALLAL.

(Continuarase.)

LIT. E IMP. ROEL-CORUÑA.

Cando vosté percise o SELLO YER

non pida xamais un *sello* pr' o DÔR DE CABEZA, porqu' eisí quen llo venda, fica en libertade de darlle calquer *sustituto* ou *imitazón*, razón pol-a qu' en moitos casos non daránlle o único e lexítimo SELLO YER, e sí outro calquera, cuíos efeitos serán sin valore, e non donaránlle o alivio que percisa.

Pida, eisixa vosté sempre o

SELLO YER

que cura coma non hai porparado qu' o asomelle o DÔR DE CABEZA, DÔRES REUMATICOS, GRIPPE, DÔR DE MOAS E DE OUVIDOS e toda cras de dôres nerviosos.

Caixa co-un sello, soio costa 30 CÉNTIMOS.

Caixa co-unha ducia de sellos, 3 PESETAS.

DE VENDA EN TODAL-AS FARMACIAS E DROGUERÍAS

Faise cárrago de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FÁBRICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS
FOTOGABADO

BARRERA, 7

A CRUÑA

Telé f. 434

NOVO LIBRO

Da Terra
asoballada

POESÍAS

DE

Ramón Cabanillas



De venda en total-as librerías e na adeministración d'A Nosa Terra.

Prezo: 1'50 ptas.

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXEL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.)**MÁLAGA**

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.

Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS**RON LA LUCÍE****OXÉN SUPERFINO**

Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.

Real, 20 -- A Cruña

BALDOMIR

Pórase axiña a venda unha nova colección de melodías inspiradas en poesías de Rosalía, Curros, Cabanillas e Rey Soto.

LABREGOS:

Si queredes encoutar a peste das patacas, vacelos (vides), hortalizas, etc., e dobrar a colleita d'aqueles productos, empregade o **SULFATO DE COBRE**

Pedide prezos e condicións ós

Grandes Almacés de Ferretería, Vidros e Pinturas

DE

Romero Hermanos

Concepción Arenal, 1 e 3; Iglesia, 90 e 92,
e Canalejas, 77

FERROL

H. LA PALOMA

DE

Ramón Morandeira

Este espréndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.

Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrería de

Xosé Varela

CIRCO, 16-BAIXO - VIGO

FÁBRICA DE BISELAR, GRABAR E DECORAR CRISTAL

Espellos de Venecia e de tocador, lisos e biselados.

Rótulos grabados e vidreiras artísticas.

Lúas de grandes tamaños e grosuras.

Vidros impresos e de total-as cras.

Baldosas pra pisos.

Narciso F. Pereira

ORZAN, 76 E SOCORRO, 37 E 39

A CRUÑA

Farmacia da Silva

PATENTES NAZONALES I-ESTRANXEIRAS

SURTIDO COMPRETO

Silva -- A Cruña

Os exquisitos VIÑOS do

VALLE DE MONTERREY - Ourense

véndense no Rego d'Auga, 44

Probádeo, os que gustedes d'un bon viño de mesa.


NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL

(2ª EDICION)

Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.

Véndese a 50 céntimos. — Os pedidos faránse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña. — Os suscritores d'este boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

**COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE**

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira á Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.

Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.

Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Que lan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.